


# PLAN ANUAL 2025



"A esperanza non é a convicción de que algo sucederá, senón a certeza de que algo ten sentido, sen importar o que suceda". Václav Havel.



## SOMOS:

AMIPA-Asociación de nais e pais de persoas con discapacidade intelectual da Comarca do Sar-, constitúese en Padrón no ano 1997, como unha asociación de familiares co obxectivo de dar resposta ás necesidades das persoas con discapacidade intelectual da comarca do Sar, así como, de levar a cabo todas aquelas accións precisas para mellorar a súa calidade de vida, xerar oportunidades e lograr a súa inclusión social.

AMIPA leva máis de 25 anos traballando a prol da inclusión social das persoas con discapacidade intelectual, mediante accións e servizos que posibiliten a súa permanencia na súa contorna rural coa que manteñen arraigo.

Presta servizos a un total de 24 persoas con discapacidade intelectual e ás súa familias.

AMIPA está formada por un equipo interdisciplinar de 10 profesionais de distintos ámbitos (dereito, educación social, psicopedagogía, traballo social), 4 profesionais cedidas/os de concellos, 23 socios de número, 35 socias/os colaboradas/es e a actual Xunta Directiva:

**Presidente:**

José Rodríguez Romero

**Secretaria:**

Esther Guerra Morono

**Tesoureira:**

Esther García García

**Vogais:**

Carmen Rodríguez Castromil

Ramiro Esparís Sampedro

Isabel García Pérez





## ... E A NOSA MISIÓN É:





“Apoiar e acompañar ás persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento e ás súas familias para acadar unha mellor calidade de vida, xerando oportunidades dende o respecto e a ilusión e promovendo a inclusión na comunidade nun entorno rural”.

Este plan anual é respectuoso e coherente cos nosos valores e a nosa visión.

## OS NOSOS VALORES SON...

As persoas de AMIPA adquirimos o compromiso de convivir e relacionarnos dende os seguintes valores:

	<p><b>1. RESPECTO:</b> Cada persoa en AMIPA debe tratar e ser tratada con consideración e atención, con palabras e de xeito que teñan en conta as nosas diferenzas, decisións e ritmos.</p>
	<p><b>2. IGUALDADE:</b> Todas as persoas en AMIPA, mulleres e homes, debemos ter as mesmas oportunidades, dereitos e deberes e debemos ser tratadas por igual, recoñecendo as diferenzas de cada persoa</p>
	<p><b>3. COMPAÑEIRISMO:</b> Todas as persoas en AMIPA nos relacionamos con respecto, escoita, diálogo, bo trato, amabilidade e humildade. Traballamos en equipo, compartimos, colaboramos e axudámonos tanto dentro como fóra de AMIPA.</p>
	<p><b>4. COMUNICACIÓN-ESCOITA:</b> Modo de comunicarnos e escoitarnos en AMIPA, en lugares e momentos que nos permitan que a información sexa comprensible para todas as persoas. Utilizamos distintos sistemas de comunicación e respectamos as opinións de cada persoa.</p>
	<p><b>5. CONFIANZA:</b> Sentimento de seguridade e tranquilidade do que confía en alguén, en algo ou en si mesmo. Maneira de tratarse familiar e aberta, propia das persoas que teñen amizade ou moito trato.</p>

	<p><b>6. FELICIDADE-ALEGRÍA:</b> Estado no que as persoas de AMIPA nos sentimos ben, contentas onde estamos e co que facemos. Compartimos momentos con actitude positiva.</p>
	<p><b>7. COMPROMISO:</b> As persoas de AMIPA cumprimos coas nosas obrigas e pactos, participamos e somos responsables.</p>
	<p><b>8. AFECTO E COIDADADO:</b> Aprecio polas persoas ou cousas. Actuamos e acompañamos ás persoas con respecto, agarimo, paciencia e non por obriga.</p>
	<p><b>9. INDIVIDUALIZACIÓN:</b> Prestamos apoios diferentes a cada persoa, segundo os nosos ritmos e necesidades.</p>

## QUEREMOS SER (a nosa **VISIÓN** de futuro...)

Dende o compromiso respectuoso coa calidade de vida e cos proxectos de vida das persoas con discapacidade intelectual, os cales permitan a súa inclusión social, queremos ser unha organización na que:

1. Acompañemos ás persoas con discapacidade intelectual para que desenvolvan os seus **proxectos persoais**, nos cales sexan elas as **protagonistas**:

- Tendo en conta as súas preferencias, intereses, necesidades e desexos persoais.
- Apoiando á persoa a alcanzar os seus obxectivos, coa colaboración da súa rede de apoio, elixida por ela mesma.
- Desenvolvendo actividades significativas para cada persoa que lle permitan crear vínculos.

2. Desenvolvamos **servizos e programas** que dean **resposta ás necesidades e demandas** das persoas e as súas familias:

- Colaborando e xerando alianzas e redes de apoio con empresas e/ou entidades da nosa contorna de referencia.
- Desenvolvendo actividades na comunidade segundo os intereses das persoas.
- Participando en actividades de ocio segundo as preferencias de cada persoa que lle permita xerar novas alternativas de ocio.
- Informando, asesorando e a orientando ás familias naquilo que precisen, mediante un acompañamento individualizado e personalizado.

3. Desenvolvamos **procesos de participación na comunidade** fomentando a inclusión social das persoas con discapacidade intelectual e a das súas familias.

- Establecendo alianzas coa veciñanza, empresas, voluntariado, asociacións, administración local, etc.
- Realizando diferentes actividades nos espazos de AMIPA que sexan significativas para as persoas.

4. Obteñamos máis **recursos** diversos: persoais e económicos.

- Buscando financiamento privado como crowdfunding, aportacións de empresas, campañas de captación de persoas sociais ou axudas privadas de obras sociais e fundacións.
- Xerando recursos propios.

## 1. PROXECTOS PERSONALIZADOS CENTRADOS NAS PERSOAS

### OBXECTIVO

Apoiar e acompañar ás persoas para desenvolver os seus proxectos de vida personalizados atendendo ás preferencias, intereses, necesidades e desexos persoais.

### Accións

1.1. Diseñar o plan de atención individualizada (PAI) de cada persoa.	
Responsables	Coordinación e Área de Calidade de Vida
Data inicio	01 de xaneiro de 2025
Data final	31 de xaneiro de 2025
Resultado esperado	- Diseñado o PAI de cada persoa usuaria que recolle, como mínimo, dous obxectivos, atendendo ás preferencias, intereses, necesidades e desexos da persoa.
Indicador	- Documento PAI. - Documento de Valoración Integral. - Documento de Plan de Coidados. - Escala Índice de Barthel. - Documento Conformidade familias PAI.
Seguimento	Data Xullo de 2025
	Data Decembro de 2025
Avaliación final	Data: Xaneiro de 2026
	alcanzamos os resultados previstos? que dificultades atopamos? que facilidades atopamos? como imos continuar?

1.2. Desenvolver o PAI de cada persoa mediante unha intervención personalizada.	
Responsable	Área de Calidade de Vida
Data inicio	01 de febreiro de 2025
Data final	31 de decembro de 2025
Resultado esperado	- Acadados os obxectivos prantexados no PAI de cada persoa.
Indicador	- Rexistro de reunións e/ou intervencións levadas a cabo coas persoas para traballar as actividades plantexadas no PAI. - Número de actividades desenvoltas. - Número de obxectivos acadados.
Seguimento	Data Xullo de 2025
	Data Decembro de 2025
Avaliación final	Data: Xaneiro de 2026
	<p>alcanzamos os resultados previstos?</p> <p>que dificultades atopamos?</p> <p>que facilidades atopamos?</p> <p>como imos continuar?</p>

1.3. Garantir a realización de plans de ocio personalizado na comunidade por parte de todas as persoas.	
Responsable	Área de Calidade de Vida
Data inicio	01 de xaneiro de 2025
Data final	31 de decembro de 2025
Resultado esperado	- Realizado un plan de ocio personalizado por cada persoa con discapacidade que responda aos seus intereses e gustos.
Indicador	- Número de plans de ocio personalizado realizados. - Porcentaxe de persoas que disfrutan dunha actividade de ocio personalizado na comunidade. - Número de intervencións rexistradas onde se recollen a realización de plans de ocio personalizado.
Seguemento	Data Xullo 2025
	Data Decembro 2025
Avaliación final	Data: Xaneiro de 2026
	<p>alcanzamos os resultados previstos?</p> <p>que dificultades atopamos?</p> <p>que facilidades atopamos?</p> <p>como imos continuar?</p>



## 2. SERVICIO DE ASESORAMENTO E APOIO ÁS FAMILIAS

### OBXECTIVO

Ofrecer ás familias a información, orientación, asesoramento e o apoio preciso para dar resposta ás súas necesidades.

### Accións

2.1. Informar, orientar e asesorar ás familias	
Responsable	Dirección-Xerencia e Coordinación
Data inicio	01 de xaneiro de 2025
Data final	31 de decembro de 2025
Resultado esperado	- Informadas e asesoradas todas as familias.
Indicador	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Número de enquisas realizadas para detectar as necesidades e/ou intereses das e dos familiares.</li> <li>- Documento que recolla as necesidades de apoio das familias e o interese.</li> <li>- Número de accións informativas levadas a cabo coas familias para dar resposta ás súas necesidades e/ou intereses.</li> <li>- Actas das reunións cos membros interesados nesta acción (familias e Xunta Directiva).</li> <li>- Número de intervencións rexistradas que recollan as reunións mantidas coas familias.</li> </ul>
Seguimento	Data: Xuño de 2025
	Data: Decembro de 2025
Avaliación final	Data: Xaneiro de 2026
	<p>alcanzamos os resultados previstos?  que dificultades atopamos?  que facilidades atopamos?  como imos continuar?</p>

2.2. Ofertar actividades de respiro familiar mediante estadias de fin de semana para as persoas con discapacidade intelectual.	
Responsable	Coordinación e Área de Calidade de Vida
Data inicio	01 de xaneiro de 2025
Data final	31 de decembro de 2025
Resultado esperado	- Realizadas estadias de fin de semana ao longo de todo o ano.
Indicador	- Documento que recolla o itinerario das estadias de fin semana. - Número de estadias de fin de semana realizadas. - Porcentaxe de persoas que participaron nalgunha estadia de fin de semana.
Seguimento	Data: Xuño de 2025
	Data: Decembro de 2025
Avaliación final	Data: Xaneiro de 2026
	<p>alcanzamos os resultados previstos?</p> <p>que dificultades atopamos?</p> <p>que facilidades atopamos?</p> <p>como imos continuar?</p>

### 3. SISTEMAS DE ALIANZAS COA COMUNIDADE

OBXECTIVO

Desenvolver un plan de alianzas para o ano 2025 que defina "para que", "como", "con quen", ..

Accións

3.1. Deseñar un plan de alianzas coa comunidade.	
Responsable	Xunta Directiva, Dirección-Xerencia
Data inicio	01 de xaneiro de 2025
Data final	31 de decembro de 2025
Resultado esperado	- Elaborado un documento que recolle o plan para desenvolver e crear alianzas coa comunidade durante o ano 2025.
Indicador	- Documento onde se recolle o plan cos sistemas de alianzas con grupos de interese coa comunidade. - Número de alianzas creadas para desenvolver no seguinte período (2025-2026). - Actas das reunións onde elaboramos e concretamos o documento.
Seguimento	Data Xullo de 2025
	Data Decembro de 2025
Avaliación final	Data: Decembro de 2025
	alcanzamos os resultados previstos? que dificultades atopamos? que facilidades atopamos? como imos continuar?

#### 4. CENTRO ABERTO Á COMUNIDADE

OBXECTIVO

Desenvolver nas instalacións do centro actividades abertas á comunidade.

Accións

4.1. Diseñar e realizar nas instalacións do centro xornadas de portas abertas e convivencias interxeracionais.	
Responsable	Dirección-Xerencia, Coordinación e Área de Calidade de Vida
Data inicio	01 de xaneiro de 2025
Data final	31 de decembro de 2025
Resultado esperado	- Realizadas actividades de apertura das instalacións do centro á comunidade.
Indicador	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Documento onde se recolla que entendemos por centro aberto á comunidade e plan de actividades compartidas a desenvolver.</li> <li>- Número de xornadas de portas abertas realizadas.</li> <li>- Número de convivencias interxeracionais realizadas.</li> <li>- Número de reunións cos Concellos de Rois para ofrecer como recurso o espazo do Centro Ocupacional de Sorribas, como centro aberto, e recoller información sobre que actividades se poderían ofrecer no Centro Ocupacional de AMIPA abertas a toda a veciñanza.</li> </ul>
Seguimento	Data Xullo de 2025
	Data Decembro de 2025
Avaliación final	Data: Xaneiro de 2026
	<p>alcanzamos os resultados previstos?</p> <p>que dificultades atopamos?</p> <p>que facilidades atopamos?</p> <p>como imos continuar?</p>

## 5. CAPTACIÓN DE SOCIOS/AS

OBXECTIVO

Incrementar o número de socios/as da asociación para unha maior rede de apoio e maior financiación privada da mesma.

Accións

5.1. Desenvolver un campaña de captación de socios/as.	
Responsable	Xunta Directiva, Dirección-Xerencia
Data inicio	01 de xaneiro de 2025
Data final	31 de decembro de 2025
Resultado esperado	- Incrementado o número de socios/as de AMIPA nun 30%.
Indicador	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Número de accións destinadas a captación de socios/as: chamadas telefónicas, cartas ás familias, envío de trípticos, publicacións en redes sociais/web,...</li> <li>- Porcentaxe de participación dos diferentes membros nesta acción: profesionais, familiares, Xunta Directiva,...</li> <li>- Número de formularios de inscrición de socios/as cubertos ao longo do ano 2025.</li> </ul>
Seguimento	Data                      Xuño de 2025
	Data                      Decembro de 2025
Avaliación final	Data :Xaneiro de 2026
	<p>alcanzamos os resultados previstos?  que dificultades atopamos?  que facilidades atopamos?  como imos continuar?</p>

## 6. SERVICIO DE CENTRO DE ATENCIÓN DIÚRNA

### OBXECTIVO

Avanzar no proceso de posta en marcha dun novo recurso: centro de atención diúrna-terapéutica.

### Accións

6.1. Realizar as accións, trámites, solicitudes e consultas pertinentes segundo as indicacións da administración pública neste proceso.	
Responsable	Xunta Directiva e Dirección-Xerencia
Data inicio	Maio de 2025
Data final	Decembro de 2025
Resultado esperado	- Elaborado e presentado o proxecto definitivo de recurso de centro de atención diúrna terapéutica.
Indicador	- Número de trámites/xestións realizadas. - Número de proxectos de Servizo de Centro de Día consultados. - Número de reunións mantidas coas partes implicadas (PCDI, familias, profesionais, administracións públicas, ...) para informar sobre o proceso.
Seguimento	Data: Outubro 2025
Avaliación final	Data: Decembro de 2025
	alcanzamos os resultados previstos? que dificultades atopamos? que facilidades atopamos? como imos continuar?

En todos os obxectivos e accións mencionadas con anterioridade, todas as persoas con discapacidade terán un papel activo, acorde á misión, visión e valores de AMIPA

Rois, 31 xaneiro de 2025